

**PROPOSTA DE  
ACTUACIÓNS BÁSICAS  
CARA A CONSERVACIÓN  
E DIFUSIÓN DO  
PATRIMONIO MARÍTIMO  
DA RÍA DE VIGO**

**Marzo do 2002**

**FEDERACIÓN DE AA.VV. "EDUARDO CHAO"**



# Indice

---

<b>Contexto</b> .....	Pax. 3
<b>A situación na cidade de Vigo</b> .....	Pax. 5
<b>A proposta da Federación</b> .....	Pax. 6
<b>S.O.S. Pesqueiro Bernardo Alfageme</b> .....	Pax. 8

## **Anexo 1**

Documentación sobre fundacións adicadas á conservación do patrimonio marítimo.

## **Anexo 2**

Documentación sobre buques históricos

## **Anexo 3**

Dossier de prensa sobre o Bernardo Alfageme

## **Anexo 4**

O exemplo de Douarnenez



*"Xa non é posible atopar nos portos galegos, se non é na memoria dos nosos vellos homes do mar, nada que nos permita entender como era o mundo da pesca en anos aínda próximos..."*

*A desaparición dos peiraos, e da memoria dos homes, das embarcacións que foron instrumento de traballo e compañeiras de fatigas, é parte da destrucción do patrimonio cultural nun eido que lle é tan propio a Galicia como é o mar; unha destrucción tan intensa que xa afecta a propia estrutura das poboacións de beiramar. E se é ben certo que a renovación da flota pesqueira e a modernización dos portos eran necesarios, esta non xustifica tal intensidade destructiva."*

Estas verbas recollidas no limiar do libro "AS EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA" do profesor Staffan Mörling, permítenos un primeiro achegamento á actual situación na que se atopa a Cultura Marítima en Galicia.

No principio do século que ven de rematar, un viaxeiro que percorrese a beiramar das nosas comunidades mariñeiras, atoparía unha gran variedade de embarcacións propias de cada zona. A partir dos anos 60, o avance tecnolóxico aparelado ó esgotamento do mar, determinaron o declive das actividades marítimas tradicionais nas rías, de tal xeito que máis de sete mil embarcacións tradicionais de pesca foron despedazadas entre 1965 e 1973.

Afortunadamente, dende principios dos anos 90 están surdindo asociacións que traballan por revitalizar a actividade entorno das tradicionais embarcacións desbotadas da pesca, ben para lecer, ben para recobrar as regatas tan populares nas vilas mariñeiras de antano, ou ben con fins culturais e etnográficos

Esta faceta como práctica apreciada socialmente en Galiza, é un traballo aínda cativo, que chega a nos con moito atraso en relación a outras comunidades do Estado e outros países europeos. Nalgúns como os

nórdicos e Gran Bretaña, nunca rachou ese fío conductor que enlaza a obsolescencia para angueiras productivas coas funcións culturais atribuídas aos barcos doutrora. Cecaís para nos, o caso máis representativo é o da Bretaña francesa, xa que a desfeita no eido marítimo tradicional aconteceu de maneira semellante ao vivido por estes lares. Pero dende finais da década dos 70, un potente asociacionismo cidadán arroupado pola administración rexional soubo reconverter a crise das explotacións pesqueiras nunha revalorización da cultura marítima bretona e na recuperación de varios centos de vellas embarcacións, para un amplo abano de experiencias didácticas e medioambientais, así como actividades lúdicas, culturais e turísticas.



Voltando a Galiza, nos atopamos con que tal e como xa denunciara Carlos Casares no Simposio de Antropoloxía Mariñeira que tivo lugar en Pontevedra en xullo de 1997



# Contexto

*"a pesar do influxo do medio mariño na vida dos galegos, os investigadores parecen máis preocupados polo mundo rural que polo mariñeiro". No mesmo senso, Francisco Calo no seu libro XENTES DO MAR sinala que "a pesares de que a importancia do mar en Galicia é incuestionable, esta realidade nunca se viu reflectida nos estudos sobre a nosa terra. A maior parte dos nosos antropólogos eran e son xentes do rural labrego, e semella haber unha predisposición a estudar o máis próximo, aquilo no que un ten as súas raíñas, e por conseguinte, coñece mellor".*



Este interese polo patrimonio rural labrego ven levando as autoridades responsables do mesmo a tomar medidas proteccionistas e de sensibilización á cidadanía. ¿A quen se lle ocorre hoxe en día destruír un horreo, un cruceiro, un peto de ánimas, un pazo, etc.? Mesmo as axudas para a reconstrución de vivendas rurais e o fomento do turismo deste

tipo van na mesma liña, porque entre outras razóns o patrimonio histórico é un atractivo turístico e por tanto unha fonte de ingresos económicos. Nembargantes a destrución do patrimonio cultural marítimo é unha realidade mesmo impulsada polas autoridades con competencias pesqueiras, obsesionadas por reducir ou renova-la flota pesqueira. Basta con botar unha ollada ás fotos de hai 40-50 anos das praias e portos das nosas rías e veremos que estaban cheas de embarcacións que só permanecen na memoria dos nosos maiores.

Para rematar este apartado, e a modo de resume da situación na que se atopa a cultura marítima utilizaremos o prólogo de Luis Rey no libro "OS GALEÓNS DE AROUSA", publicado polo grupo etnográfico MASCATO:

*"Herdamos dos nosos devanceiros un capital inmenso: a cultura do mar, a toponimia, as artes e técnicas de pesca, os contos dos vellos, os cantares, os xogos, as festas, a arquitectura popular mariñeira...e os barcos. As embarcacións tradicionais, deseñadas polo saber e a experiencia dos carpinteiros de ribeira, científicos da arte de marear.*

*E, porén, semella que non valoramos dabondo nen o tesouro cultural que herdamos nen a artesa do pan que é o mar. A realidade está ahí... Non é novo, levamos tempo infravalorando o propio..."*





# A situación na cidade de Vigo

De cotío as cidades e pobos que se siñifican nunha actividade industrial contan con museos, exposicións ou equipamentos adicados a recolle-la evolución histórica desa actividade. Pola súa importancia para a poboación, esa actividade industrial non só é un referente económico senón que tamén vai condicionar as formas de vida e as relacións desa poboación, polo tanto pasa a ser tamén un referente histórico e cultural.

Sen dubida é unha realidade, e tamén un tópico, decir que Vigo naceu e medrou a partir das actividades relacionadas có mar. Nembargantes, no seu crecemento a cidade de Vigo parece ter esquecido todo o patrimonio histórico e cultural que foi xenerando co paso do tempo nesa relación. A Aula Etnográfica do Mar que o Concello de Vigo ten ubicada en Saians é o único equipamento que polo de agora adícase o labor da conservación e difusión do noso patrimonio marítimo.

Perante os derradeiros anos a Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos "SAN MIGUEL DE BOUZAS" ven realizando, entre outras actividades, as XORNADAS DO MAR que abranguen exposicións etnográficas, coloquios, etc. Unha das conclusións máis interesantes destas xornadas ven sendo ano tras ano a constatación de que son moitísimas as persoas que teñen nas súas casas pequenos museos do mar, lembranza da vida

mariñeira da familia, que gardan con especial cariño e que moitos deles non dubidarían en donálos ou cedelos en depósito, sempre que houbera unha institución adicada a súa conservación.

Prácticamente todo o que se conserva do patrimonio cultural do mar é gracias ó labor dos particulares, sin que ese interés dos cidadáns teña correspondencia nas institucións públicas. Mesmo o material exposto na Aula Etnográfica do Mar antes citada é propiedade do director.

Esta situación lévanos por unha parte a que dito patrimonio esté tremendamente desperdigado. E poutra parte, e a máis grave, a que boa parte do mesmo se está perdendo, xa que eses particulares poden asumir a conservación de pequenos obxectos, incluso algúns gardan en locais algunhas pezas máis grandes como son os primeiros motores de vapor dalgún barco ( porque como dín non poideron gardar o barco enteiro), as enormes perolas onde se encascaban as redes , ou algún barco mediano. Pero as pezas máis grandes e valiosas como son as embarcacións, alguha carpintería de ribeira con tódalas súas ferramentas, documentación escrita, os antigüos moldes de madeira nos que se fundiron as primeiras pezas dos motores mariños feitos en Vigo, etc., etc, e que os seus propietarios queren donar, finalmete teñen que ser vendidos como chatarra ou tirados o lixo cando se precisa do espacio onde están a ser gardados diante da falla dalgunha institución que se faga cargo deles.

O labor de recuperar os elementos máis significativos do desperdigado patrimonio cultural marítimo da nosa cidade, a conservación dalgunhas embarcacións que sexan representativas de diferentes épocas e actividades (de tráfico de pasaxeiros pola ría, de pesca de altura, de pesca artesanal, de lecer, deportivas, de servicios...)

**¡É UNHA NECESIDADE URXENTE!**





# A proposta da Federación

A tarefa sinalada no apartado anterior entendemos que debe ser asumida polo conxunto de institucións públicas e das empresas privadas vinculadas co mar. É responsabilidade de todos o facelo, pero sen dúbida a súa promoción ten que partir das institucións viguesas:

- *Do Concello polo que supón para a conservación do patrimonio histórico da cidade e dos seus sinais de identidade, así como polo seu interese de cara á promoción turística e cultural.*

- *Da Autoridade portuaria porque non debe dar as costas ós elementos históricos que lle deron a razón de existir.*

- *Da Zona Franca porque nos derradeiros tempos se está a significar como promotora do Museo do Mar e este podería ter un papel destacado no labor.*

- *Os asteleiros, as conserveiras, as empresas auxiliares, etc., porque todas elas viven do mar e tampouco deben esquecer a súa historia e evolución.*

O que non pode seguir acontecendo é que cada día sigamos perdendo elementos relevantes do patrimonio histórico-marítimo da cidade. Por elo propoñemos dúas actuacións inmediatas:

a) Creación dunha **“FUNDACION”** adicada a conservación daqueles elementos máis relevantes do patrimonio marítimo da cidade. Nesta fundación deberían estar representados tódolos sectores anteriormente sinalados. A Federación Veciñal “Eduardo Chao” comprométese a facer o labor inicial de procurar o achegamento entre as institucións, para que superando as diferencias que poidan existir entre elas traballen nun obxectivo común:

***Evitar nun primeiro momento que continúe a destrución do patrimonio histórico-marítimo de Vigo en nun segundo momento traballar pola súa conservación e difusión.***

Diversas fundacións deste tipo veñen xa actuando no noso país en actuacións encamiñadas á conservación do patrimonio marítimo (anexo 1).

b) Creación dun **“PANTALÁN DE BUQUES HISTÓRICOS”**, que acolla principalmente embarcacións representativas de diferentes épocas e actividades das nosas rías e onde cada buque conte coa súa propia programación museística e didáctica, de acordo coas súas características.



Museo del Barco en Douarnenez

Os barcos que se poderían ubicar xa a corto prazo serían o “ELLA” o “BERNARDO ALFAGEME”, o barco alxibe “HIDRIA” (barco a vapor, irmán do Roberto e que ó igual que este prestou os seus servizos no porto de Vigo e que esta a ser restaurado en Cambados), o CARMEN BARCIA (un dos derradeiros barcos de cabotaxe a vela construído en asteleiros galegos e que está a ser restaurado en Vilagarcía). Os propietarios destes dous últimos barcos amosaron xa hai un ano, cando se lles propuso, a súa dispoñibilidade a formar parte deste Pantalán de Buques Históricos, polo que sería doado chegar a algún tipo de convenio con eles, de tal xeito que por exemplo:

- O BERNARDO ALFAGEME podería ser unha Aula de Interpretación da Pesca de Vigo (está realizado xa un borrador do que podería ser o seu proxecto de aproveitamento didáctico).



# A proposta da Federación

-O HIDRIA está a ser rehabilitado para funcionar como museo itinerante xa que no barco todo funciona a vapor incluso o xenerador de corrente. Por



O Hidria, no porto de Vigo

outra parte o seu alxibe estase a converter nunha sala de congresos e exposicións con capacidade para acoller comodamente a 120 persoas. (anexo 2).

- O CARMEN BARCIA podería ser unha aula de interpretación do comercio marítimo nas Rías Baixas, xa que está a ser rehabilitado como un dos últimos barcos de cabotaxe.

-Este Pantalán podería surdir desta Fundación ou ben como unha actividade vinculada ou propiciada dende o Museo do Mar.

- Propoñemos como emplazamento idóneo o fondo da dársena nº 1 do Porto, ó carón do actual edificio de Sanidade Exterior xa que eiqui vai ir emplazado un edificio comercial e polo tanto un espazo aberto ó público e que podería ver beneficiada a súa actividade coa presenza do Pantalán de Buques Históricos e a inversa.

- O amarre dos barcos non se realizaría en paralelo o peirao, senón que sería transversalmente ó mesmo (de proa a popa), o que facilitaría o atraque de varios barcos. O acceso os barcos non se faría directamente dende o peirao senón dende un pantalán paralelo o mesmo e que subiría e baixaría coas embarcacións segundo as mareas..

## C) CREACIÓN DUN PANTALÁN DE EMBARCACIÓNS DE PESCA ARTESANAL DAS RIAS BAIXAS

-Estas embarcacións artesanais, máis pequenas que as sinaladas no apartado B poderían ser ubicadas nun pantalán no peirao do Museo do Mar, ou na praia de Bouzas no paseo que se está rematando. Temos realizadas xestións con propietarios de varias destas embarcacións, cáseque todas elas desaparecidas xa nas rías e aparelha-

das coas súas velas ó xeito tradicional (polo tanto cun gran valor como patrimonio marítimo) e que estarían dispostos a participar neste proxecto facéndose cargo eles do mantemento das súas embarcacións.



Consideramos imprescindible a restauración e conservación do pesqueiro "BERNARDO ALFAGEME" como elemento fundamental do PANTALÁN DE BUQUES HISTÓRICOS por canto:

-Tódalas as informacións recabadas pola Federación de A.A.VV. Eduardo Chao de técnicos, expertos en conservación do Patrimonio, xentes do mar, etc., coinciden na necesidade de conservar o BERNARDO ALFAGEME por ser un dos poucos elementos históricos aínda vivos e representativos do sector pesqueiro, conserveiro e do sector naval da primeira metade do século pasado.

- Dado que os outros barcos propostos para o PANTALÁN DE BUQUES HISTÓRICOS están en bo estado ou están a ser restaurados con subvencións da Xunta de Galicia, consideramos imprescindible adicar o apartado seguinte a documentar e insistir na necesidade da restauración do "BERNARDO ALFAGEME" toda vez que está novamente a piques de ser desgüazado diante da falla de apoios institucionais, a pesares de que hai dous anos o Concello de Vigo solicitara con urxencia a donación ó Concello (xa que ningunha outra institución o facía) co único obxecto de paralizar o seu inminente desgüace e gañar tempo de cara a buscar os apoios necesarios para darlle un horizonte ó barco, o que pasados dous anos e de maneira incomprensible para os cidadáns non se deu conseguido.



# S.O.S. Pesqueiro Bernardo Alfageme

O pasado 15 de xaneiro, a Concelleira de Patrimonio Histórico anunciou en rolda de prensa que o Concello iniciaría as xestións para solicitar o desgüace do pesqueiro Bernardo Alfageme, según sinalou a Concelleira, diante da falla de apoios institucionais ó proxecto de converter dito pesqueiro nun Aula da Pesca.

Diante desta situación diferentes colectivos cidadáns, culturais e profesionais manifestaron a necesidade da conservación do BERNARDO ALFAGEME, por diferentes razóns que podemos agrupar como:

## RAZÓNS HISTÓRICAS


Este pesqueiro representa a tres sectores básicos para a economía da nosa cidade como son :

- **O sector da conserva**, xa que foi encargado polo conserveiro que leva o seu

mesmo nome, e o barco serviría para ilustrar a historia de como xa dende finais do século XIX, coa importación que fixeron de traineras, os conserveiros foron os promotores da industria pesqueira

- **O sector da construción naval**, xa que foi construído nos Asteiros Barreras no ano 1944 cun deseño e unhas características consideradas punteiras, o que nos permite ilustrar como os asteiros vigueses tiveron que adaptarse constantemente ós novos retos de ter que pescar en caladoiros cada vez máis alonxados, máis difíciles e usando técnicas de pesca moi variadas.

- **O sector extractivo**, por canto foi aportado ó desaparecido Grupo MAR, o que nos permite falar do potencial humano, material, económico e industrial que chegou a desenrolar a cidade na primeira metade do século pasado ó redor da pesca.






# S.O.S. Pesqueiro Bernardo Alfageme

Por outra banda, este pesqueiro está considerado polos expertos, como unha das últimas exponentes da historia da construción naval da primeira metade do século pasado e que coa súa perda so quedarían fotografías e documentación para o coñecemento dun dos sectores que deron prestixio internacional a nosa cidade.

## RAZÓNS EDUCATIVAS

Hoxe en día nos colexios se lles sigue a falar ós rapaces da historia dos Etruscos, de Mesopotamia, De Exipto, ...pero pouco se lles fala da historia recente do país, a que viviron seus abós e pais. Descoñecen que o benestar económico que teñen agora se conseguiu a base do traballo duro a bordo de embarca-



cións, mariscando, traballando nos asteleiros, na conserveira ou no Berbés. ¡Que rápido pasamos os adultos esa páxina da historia!, como querendo esquencela, como si sentíramos vergoña dela, sin decatarnos que é preciso que os mozos saiban o traballo que lle custou a moitas familias sair adiante e o que custou levantar a economía do país, por suposto de forma moi alonxada dos actuais modelos que de continuo se lles está a ofrecer nas televisións. Desfagamonos axiña do BERNARDO ALFAGEME non sexa que os mozos saiban que ata hai pouco tempo moitos homes gañaron o sustento das súas familias traballando a bordo de barcos como este, convivindo durante meses e ano tras ano

nunhas condicións que non eran mellores que as de calquera cárcere do noso país, cunha ventaxa para os que estaban no cárcere, ¡estaban en terra firme!.

A súa conservación non só implica o mantemento a flote. Como xa se comentou anteriormente, conleva un aproveitamento didáctico como Aula de Interpretación Da Pesca en Vigo, do que xa se realizou o seu borrador.

## COMO PARTE DOS SINAIS DE IDENTIDADE DA CIDADE

Un dos problemas importantes que temos en Vigo é a pouca posta en valor dalgúns dos seus sinais de identidade:

- **Ó Casco Histórico**, a pesares dos traballos de rehabilitación que se están a facer nel, aínda lle queda para ser ese lugar de encontro dos cidadáns, tal e como ocorre na maior parte das cidades galegas. Para os turistas temos a A Pedra.
- **O Vigo Mariñeiro**, que sería outra referencia, para disfrutar del témonos que desplazar ata Bouzas ou Canido, ou cruzar a Ría. O Porto Pesqueiro, a industria naval, as conserveiras, todo está vedado en Vigo. Noutros lugares temos comprobado como as actividades portuarias e industriais antes sinaladas son compatibles, e incluso fomentadas, coas visitas guiadas para os cidadáns e os turistas.(ver as fotos do apartado seguinte)





# S.O.S. Pesqueiro Bernardo Alfageme

Á falla da posta en valor do patrimonio marítimo da nosa cidade engádeselle outro feito máis: A terceira parte da poboación de Vigo é procedente da Comunidade Autónoma (datos do censo de 1991), e polo tanto cunha base cultural allea ó mundo do mar. Esta poboación non tería problema en asimilar a cultura mariñeira (incluso o desexa como enriquecemento persoal, e como elemento integrador na cidade), pero para a sorpresa dos que chegan a Vigo, fora dos muros do Porto, na cidade non se respira ambiente de mar, dándose a situación paradóxica de que eses valores culturais propios do interior estáanse a impor na cidade diante da difuminación en que se atopa a cultura mariñeira. Así vemos como nos colexios os rapaces celebran o magosto, os maios, decoran os centros con motivos agrícolas na primaveira ou no outono, pero descoñecen cales son os peixes da Ría, cales son as embarcacións artesanais.



Unicamente a Aula Etnográfica do Mar está facendo o labor de difusión da cultura mariñeira entre os escolares pero de un xeito moi limitado polas carencias económicas e de instalacións.

Preténdese que a nova oferta museística se convirta nunha das referencias da cidade, tanto para os vigueses como para os turistas. Sobre esta cuestión queremos facer unha pequena reflexión: benvidas sexan tódalas ofertas culturais para a cidade, pero coidamos que tamén é preciso atender aqueles elementos culturais específicos, o que nos diferencia como cidade doutras, aquilo que podemos ofrecer nos e non poden facelo outros. É eiquí e onde cobran valor a posta en valor do patrimonio marítimo da cidade, a proposta que se presenta nesta documentación e a conservación dos seus elementos como é o Bernardo Alfageme.

Estamos facendo inversións multimillonarias en promociñar a cultura en xeral (o que é plausible) pero non temos calderilla para a conservación dun elemento que é parte do patrimonio da cidade. Recuperamos un parrafo xa citado no limiar: *"...Semella que non valoramos dabondo o tesouro cultural que herdamos nen a artesa do pan que é o mar. A realidade está ahí...Non é novo, levamos tempo infravalorando o propio..."*. (ver o anexo 4 que recolle as recomendación que a Comunidade Europea e a propia Xunta de Galicia fan o respecto).

## RECURSO TURÍSTICO

Como se ven de sinalar, os elementos históricos e culturais identificativos e singulares das cidades e pobos son un atractivo turístico. Así no veciño Portugal vemos como na praia de Nazaret siguen a manter as tradicionais embarcacións de zona unicamente con fins turísticos. En Viana do Castelo teñen como un dos atractivos turísticos, e como agradecemento polo labor prestado, o barco hospital que socorría os mariñeiros na pesca do bacallau e agora é barco museo. En Póvoa de Varzim, a Cámara Municipal considera prioritario a preservación do patrimonio marítimo do concello, parte do cal está exposto no museo municipal de Etnografía que se convirte en visita obrigada para os turistas.




# S.O.S. Pesqueiro Bernardo Alfageme

No estado español temos os exemplos do museo de San Sebastián, o Marítimo de Barcelona, o de Tarragona. Pero mención aparte é o recurso turístico que supón a conservación do patrimonio marítimo en Bretaña e Normandía logo de que as crisis pesqueiras, a redución de cuotas e a modernización dos barcos fixera esmorecer a súa longa tradición mariñeira. En Douarnenez (Bretaña), un pobo mariñeiro de 17.000 habitantes ó pouco de inaugurar o seu museo do barco



N. D. de Rocamadour, pesqueiro similar en medidas ó Bernardo Alfageme, convertido en museo.

recibiu en dous anos 180.000 visitantes; unha boa fonte de ingresos para o pobo xa que arredor do museo foron nacendo negocios para darlle servicios ós visitantes que acuden durante todo o ano: restaurantes, tendas de recordos, efectos navais, hoteis, etc.. Dez anos despois da creación do museo do barco Douarnenez converteuse nun dos principais destinos turísticos de Bretaña, unha rexión de forte tradición mariñeira, cunha paisaxe como o de Galicia, con peor climatoloxía, e que é capaz de vivir do turismo todo o ano. O que nos demostra que, amáis das praias e do sol, o patrimonio cultural marítimo tamén lle interesa ós visitantes.



Expedición viguesa nas adegas do N. D. de Rocamadour

Un exemplo dalgunha das cousas que en Vigo poderíanse realizar neste senso, con un coste económico moi baixo e de especial



Pantalán do Museo do Barco, en Douarnenez

atractivo tanto para os vigueses como para os visitantes sería unha ruta guiada que iniciaría o seu percorrido no Pantalán de Buques Históricos (na dársena nº1, tal e como se indicou noutro apartado). Continuaría polo Porto Pesqueiro percorrendo as súas instalacións, continuaría por algún dos asteleiros, pola conserveira de Alfageme (que perante moitos anos realizou estas visitas entre os turistas dos transatlánticos), rematando no Museo do Mar. Por suposto que para non interferir nas actividades industriais os visitantes irían sempre acompañados por guías e a súa circulación non sería libre senón que estaría limitada polos espazos reservados para eles.

**PORT DE PECHÉ**

Decouvrez l'activité du Port de Pêche au travers de :

- la vente du poisson à la criée
- la visite des installations portuaires
- la projection d'un documentaire sur les activités de la pêche

Tous les jours et heures de visites sont fixés en fonction des arrivages de bateaux

Tarifs : 30 F/adulte  
20 F/enfant/chômeur/étudiant  
1 de 12 ans gratuit

**LES VIEUX QUARTIERS**

Cette balade vous fera découvrir l'âme de Douarnenez et comprendre son histoire si intimement liée à l'économie de la sardine.

Ensemble nous parcourrons les rues et venelles de la ville avec leur architecture de 19<sup>e</sup> siècle et leurs anciennes conserveries disséminées parmi les maisons.

Tous les jeudis, en juillet-août, à 14h30

Tarifs : 30 F/adulte - 20 F/enfant /chômeur/étudiant  
1 de 12 ans gratuit

## SORTIES NATURE

**La vie à marée basse** - Rencontre, sous forme de pêche à pied, avec les animaux vivant sous les rochers et dans les mares d'eau de mer.

Horaires en fonction des marées - RDV Plage St Jean

**Balade entre mer et lande** - Promenade le long du sentier côtier pour découvrir les oiseaux du bord de mer, les insectes mais aussi les plantes - Tous les jeudis, à 14h - RDV Parking de la Pointe de la Jument

**Le ruisseau, source de vie ?** - Découverte des insectes vivant dans l'eau - Tous les mercredis à 14h - RDV Parking du Bois du Névet, sur la route le Juch-Plagonec

En juillet et août - durée de 2H30 à 3H00 - Tarifs : 30 F/adulte  
15 F/12 ans - Gratuit/Sans  
Renseignements et Réservations : Horizon Nature - 02 98 74 05 26





# S.O.S. Pesqueiro Bernardo Alfageme

## COMO RECOÑECEMENTO DO QUE PARA VIGO SUPUSO O TRABALLO REALIZADO POLA XENTE DO MAR

A conservación do Bernardo Alfageme e a súa conversión nunha Aula da Pesca sería un xeito de recoñecer a importancia que para Vigo supuso o traballo que moita xente realizou, e sigue realizando, a bordo das embarcacións, na construción naval, na elaboración dos produtos sacados do mar, e que fixeron que a cidade se convertise no principal porto pesqueiro do mundo e un atractivo para as posteriores inversións económicas doutros sectores industriais.

